

PROXECTO EDUCATIVO



CEIP BARRIÉ DE LA MAZA
SANTA COMBA
CURSO 2018/19

INTRODUCCIÓN – MARCO LEGAL

Na *Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación* no seu artigo 121 1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.

Na *Lei Orgánica 8/2013 de, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)* no seu artigo 121 establece que os centros educativos da comunidade autónoma de Galicia deberán elaborar os seus Proxectos Educativos (PE) seguindo as seguintes disposicións:

- O equipo directivo elaborará o PE partindo das características de situación, contorna, alumnado e profesorado do centro.
- Os apartados que se incluírán no PE serán os seguintes:

CAPÍTULO 1: O contorno. Onde estamos e a quen nos diriximos?

- a) Datos do centro educativo.
- b) Características do contorno social, cultural e económico no que está situado o centro (art. 121 da LOE).
- c) Relacións coas institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos de centro. Relación cos centros adscritos.
- d) Características e necesidades específicas do alumnado do centro.

CAPÍTULO 2: Os sinais de identidade do centro. Quen somos?

- a) Valores e principios (non discriminación, inclusión e multiculturalidade, así como os incluídos na *Lei Orgánica 8/1985 de 3 de xullo reguladora do Dereito á Educación de “LODE”*: tolerancia, liberdade, cooperación, solidariedade, pluralidade lingüística e cultural, participación, igualdade de oportunidades para ambos sexos...).
- b) Obxectivos a medio prazo para dar resposta ás necesidades de formación permanente do seu contorno para promover o uso da lingua galega, para a promoción da igualdade entre homes e mulleres, para a mellora continua e para a consecución dos valores e principios da Constitución.
- c) As prioridades de actuación.
- d) Características singulares: a oferta educativa, as modalidades, as materias de libre configuración, atención á diversidade, servizos ofertados...
- e) Os recursos educativos dispoñíbeis.

CAPÍTULO 3: A concreción dos currículos. Que queremos?

a) Os aspectos curriculares xerais (Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o *currículo* da educación *primaria* na Comunidade Autónoma de Galicia, *DECRETO 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*

1. Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural da zona e das características do alumnado.

2. As decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía.

3. A incorporación transversal nas distintas materias da educación en valores (art. 121 LOE).

4. Os criterios xerais do centro sobre avaliación, promoción e titulación.

5. Os criterios para adxudicar as mencións honoríficas (art. 5 da Orde 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia).

6. Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas.

7. Información das programacións didácticas ás familias (Orde de calendario escolar de cada curso).

b) Plans e programas específicos.

1. Proxecto lingüístico (plurilingüismo). Art. 14 do *Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* que inclúe o “currículo integrado” das linguas.

2. Proxecto de Biblioteca

3. Plan xeral de Atención á Diversidade (art. 11.2 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación*).

4. Plan específico para o alumnado repetidor (art. 6 da Orde do 20 de abril de 2016 polo que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia).

5. Plan de orientación (*Decreto 120/98 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*).

6. Plan de acción Titorial (*Decreto 120/98 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*).

7. Proxecto TICs.

8. Promoción de estilos de vida saudábel (PDC).

CAPÍTULO 4: Organización e funcionamento. Como nos organizamos?

- a) Plan de convivencia, con especial atención á igualdade entre homes e mulleres e á prevención da violencia de xénero (art. 10 da *LEY 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*).
- b) Normas de organización e funcionamento

CAPÍTULO 5: Xestión económica. Como nos financiamos?

O PE será aprobado pola dirección e avaliado polo Consello Escolar sen prexuízo do desenvolvemento curricular que será aprobado e avaliado polo Claustro.

O equipo directivo dará publicidade ao PE de maneira que permita un mellor coñecemento do centro de cara a orientar o labor do profesorado e a favorecer a transparencia e a visibilidade da súa oferta formativa.

CAPÍTULO 1 - O CONTORNO

a) Datos do centro

O CEIP Barrié de la Maza está situado en Santa Cataliña (Santa Comba), na rúa Rosalía de Castro desta localidade.

CIF: Q6555060J

Teléfono: 881866918

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarriemaza/>

Correo electrónico: ceip.barrie.maza@edu.xunta.es

Este centro é antigo, máis de 40 anos de antigüidade, aínda que as instalacións se atopan en bastante bo estado. Conta con 6 aulas de Educación Infantil, 12 aulas de Educación Primaria e un aula Específica de Educación Especial. Dispón, ademais, de dúas aulas de Pedagogía Terapéutica (PT), un aula de Audición e Linguaxe (AL), 2 aulas de Lingua Estranxeira (inglés), unha aula de Relixión, un aula de convivencia e multisensorial, un aula de Danza, un aula de Xogos Tradicionais, despacho do departamento de orientación, Biblioteca, aula de Informática, despachos do Equipo Directivo, despacho de Administración, Ximnasio, Almacén de material, patio cuberto, aula de xogos, pavillón polideportivo, comedor escolar, baños interiores e exteriores; algúns dos cales precisan unha remodelación.

Os autobuses escolares estacionan no exterior do centro, preto do patio exterior contribuíndo á mellora da seguridade viaria.

Horario do centro.

O horario do centro é de xornada partida en horario de mañá de 9:30 h a 13:15 h e de tarde de 15:05 horas a 16:15 horas (agás os luns que é de 15:20 h. a 16:30 h.). Nos meses de setembro e xuño o centro ten un horario de xornada continuada con horario de 9:00 h. a 14:00 horas e comedor até as 15:30 horas.

O profesorado fai garda 10 minutos antes da entrada ao centro e ao remate unha vez se desaloxe ao alumnado do centro (transportado e non transportado).

As reunións do profesorado son todos os luns de 13:20 h. 14:20 h. así como outros días que se precisen de forma extraordinaria. As reunións de titoría coas familias do alumnado son os xoves de 13:20 h. a 14:20 h, previa cita.

Oferta educativa.

Somos un centro de liña 2, é dicir existen dous grupos por curso.

Unidades de Educación Infantil (6 + 2)

Unidades de Educación Primaria (11 + 1)

Unidades de Educación Física (2)

Unidades de Educación Musical (1)

Unidades de Lingua Inglesa (2)

Unidades de Pedagogía Terapéutica (2)

Unidades de Audición e Linguaxe (1)

Unidades de Relixión (1)

Unidades do departamento de Orientación (1)

As actividades complementarias ofertadas polo centro e detalladas na PXA oriéntanse fundamentalmente a:

- Encontros con autores/as, profesionais, etc.
- Obradoiros.
- Visitas didácticas.
- Exposicións.
- Teatro.
- Visitas culturais...

Outras actividades complementarias e extraescolares que oferta o centro están organizadas en colaboración coa ANPA e co Concello de Santa Comba.

Persoal docente.

O catálogo de postos de traballo está cuberto por mestras e mestres con destino definitivo ou provisional.

A maioría está en situación definitiva o que ofrece unha perspectiva de estabilidade e continuidade.

Persoal non docente.

- 1 cociñeira.
- 4 axudantes de cociña.
- 1 conserxe(depende do Concello).
- 2 coidadoras.
- 1 auxiliar administrativa.
- 3 limpadoras (dependen do Concello).

b)- Características do contorno social, cultural e económico do centro.

O Concello de Santa Comba (A Coruña) atópase nunha encrucillada de camiños, no centro dun triángulo que ten os seus vértices en Fisterra, Santiago de Compostela e A Coruña.

Norte: Coristanco.

Este: Tordoia e Val do Dubra.

Sur: A Baña e Negreira

Oeste: Zas e Mazaricos.

Pertence á comarca de Xallas. Ocupa una extensión de 203 quilómetros cadrados con máis do 97 % do territorio entre os 300 e 500 m., e unha altitude media de 350 m.

A capital municipal, Santa Cataliña de Armada, forma actualmente un núcleo urbano con Santa Comba.

Os habitantes do Concello son, segundo os últimos datos, 9.477, repartidos en 16 parroquias (Alón, Arantón, Bazar, Castriz, Cícere, Esternande, Fontecada, Freixeiro, Grixoa, Mallón, Montouto, Santa Comba, A Pereira, Santa Sabiña, Ser e Vilarnovo).

Ten un clima atlántico, moi húmido e con precipitacións abundantes.

É un lugar óptimo para o desenvolvemento de actividades agrícolas e gandeiras. É un dos principais produtores de leite de Galicia e o quinto en número de cabezas de gando vacún. Cabe destacar tamén a importante produción de madeira e o inicio do desenvolvemento da enerxía eólica.

O núcleo urbano, capital do Concello, ten unha intensa actividade comercial. Santa Comba funciona como cabeza da comarca, acoden a facer as compras veciños e veciñas doutros Concellos, Mazaricos, Zas, a Baña, Val do Dubra ou Dumbria. A feira semanal atrae moita xente.

En canto ao sector industrial, cabe destacar a importancia da industria láctea e agraria e materiais e equipos para a construción.

Antigamente a actividade mineira do Wolframio foi determinante na economía do concello. Na II Guerra Mundial era a explotación máis importante de Europa, chegando a traballar nela unhas 4000 persoas.

Outro factor que influíu na economía é a alta emigración da súa poboación, ata mediados dos anos 50 a Latinoamérica, en especial a Brasil onde os emigrantes levantaron importantes empresas dedicadas ao sector hoteleiro, tamén a Arxentina, Uruguai e Venezuela. A partires dos anos 50 cambia a emigración a Centroeuropa, a finais da década dos setenta o 60% da poboación activa era emigrante.

Nos últimos anos moitos dos emigrantes retornaron ao Concello, especialmente os que estaban en Europa.

Nestes últimos 10 anos estase apreciando a presenza de inmigrantes que viven no centro urbano maioritariamente polo número de alumnado que se incorpora ao centro. Cada día a diversidade é maior (China, Moldavia, Marrocos, Brasil...).

Actualmente, a alta tecnificación do sector gandeiro, a industria local, as divisas de empresarios e emigrantes retornados converten a Santa Comba no 4º concello de Galicia coa renda per cápita máis alta.

En canto á educación e cultura o concello ten:

- Dous colexios públicos de Educación Infantil e Primaria (o noso e o CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña)
- Un colexio concertado de Infantil e Primaria.(CPR Ntra. Sra. Inmaculada)
- Un Colexio Rural Agrupado.(CRA de Santa Comba)
- Un instituto de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e Bacharelato e Ciclos.(IES Terra de Xallas)

c)- As relacións coas institucións

O entorno está presente no alumnado a través das institucións máis ou menos complexas.

Os alumnos e alumnas estanse preparando para mellorar o seu entorno e non podemos darlle as costas ao mesmo.

Debemos para isto xerar o maior número de relacións entre a escola e o entorno, abrindo o centro e colaborando coas diferentes institucións:

- Autoridades educativo- administrativas
- Autoridades municipais
- ANPAS
- Comunidade educativa
- Centros da localidade e en especial cos centros adscritos CRA de Santa Comba e nós como adscrito ao IES Terra de Xallas.

A colaboración debe ser estreita e continua ao longo do curso. As actuacións para manter as relacións son:

- Facilitar espazos para realizar actividades
- O centro como canle de unión entre a ANPA e as familias
- Propostas ás institucións para realizar obras ou arranxos.
- Colaborar nas diferentes propostas de actividades (concursos, contacontos, obradoiros,...) feitas polas institucións.
- Reunións do Departamento de Orientación cos diferentes departamentos de orientación que constitúe o IES ao que estamos adscritos.
- Xornada de acollida de alumnado do CRA que se incorpora no 3º nivel de Primaria.
- Coordinarse co IES para a presentación do centro ao alumnado de 6º de E. Primaria.
- Relación de coordinación e colaboración cos servizos sociais do concello para favorecer a inserción do alumnado con desvantaxes socio-familiares, intervención a nivel familiar e social, das familias que o precisen...

d) Características e necesidades específicas do alumnado do centro.

Entendemos a atención á diversidade como o conxunto de accións educativas que tentan previr e dar resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado do centro, e entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada de factores persoais ou sociais relacionados con situacións de desvantaxe

sociocultural, de altas capacidades, de compensación lingüística, comunicación, linguaxe ou da discapacidade física, psíquica, sensorial ou con trastornos graves de personalidade, da conduta ou do desenvolvemento, de graves trastornos da comunicación e do desaxuste curricular significativo.

Teramos en conta as actuacións programadas no centro, así como a influencia do contorno no que se move o alumnado. Buscaremos o apoio doutros sectores próximos nos que traballar de maneira coordinada e planificada. Sendo o contexto máis próximo a familia. A tolerancia, o respecto, a diversidade, así como a empatía, son moi importantes para unha atención á diversidade axeitada.

O obxectivo fundamental é que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das capacidades persoais, intelectuais, sociais e emocionais, e en todo caso os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas e todos.

A actuación integral rexerese polos principios de normalización e inclusión e realizárase tan axiña como ditas necesidades sexan identificadas.

Seguirase o Decreto 229/2011 do 7 de decembro (DOG do 21/12/2011) polo que se regula a atención á diversidade dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O noso centro conta con alumnado de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), inmigrantes e alumnado con diversidade funcional que hai que darlle resposta dende os diferentes ámbitos educativos. Os métodos pedagóxicos serán amplos e variados adaptados a cada caso de forma individual e partindo dos centros de interese de cada alumno ou alumna e a súa capacidade, tentando así desenvolver un ensino baseado na experiencia directa e funcional para a vida diaria.

O obxectivo fundamental é que poidan alcanzar ao máximo o desenvolvemento das súas capacidades persoais, intelectuais, sociais e emocionais, e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos e todas os alumnos e alumnas. Á nosa metodoloxía engadímoslle a estreita colaboración e coordinación entre todos os profesionais implicados na súa aprendizaxe, a familia e os recursos externos ao centro educativo, para así dar resposta a unha educación integral que o acompañe ao longo do seu desenvolvemento.

CAPÍTULO 2: SINAIS DE IDENTIDADE

a.- Valores e principios

Partindo de que a educación é un dereito fundamental, desde o centro queremos unha escola:

Plural: respectamos o dereito á liberdade de pensamento, ideas e opinións compatibles coa Declaración de Dereitos Humanos.

Integradora: a igualdade e a non discriminación por razón de nacemento, etnia, sexo, economía, nivel social, conviccións políticas ou morais así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

Aconfesional: o centro non ten carácter confesional e debe garantir polo tanto unha educación baseada no respecto e tolerancia das crenzas individuais dos seus membros.

Comprometida coa convivencia: comprometida coa formación para a paz, que rexeita a violencia, esixente no respecto á dignidade e integridade dos membros da comunidade escolar. O noso alumnado formarase para a resolución pacífica dos conflitos, para a xustiza e para a liberdade.

Democrática: o centro como espazo para a convivencia. Desenvolveranse os valores democráticos: tolerancia, participación, responsabilidade, diálogo permanente, loitando por crear un modelo democrático de convivencia.

Non sexista: enriquecémonos valorando e apostando pola coeducación e a educación na igualdade dos sexos.

Progresista: a escola mirará cara o futuro, transmitindo os valores que inciden no desenvolvemento integral da persoa. Atenderemos tanto á formación académica como á formación persoal e o desenvolvemento da capacidade crítica.

Relacionada coa contorna: consideramos fundamental que a escola estea integrada na contorna, valorando positivamente as oportunidades e as colaboracións que nos ofrece, establecendo unha relación de cooperación e respecto mutuo.

b) Os obxectivos

-Ámbito Pedagóxico

- Mellorar o rendemento académico do alumnado fomentando a capacidade de traballo e o interese pola aprendizaxe.
- Seleccionar e afondar nos contidos curriculares que sexan máis funcionais e de interese para o noso alumnado.
- Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquira un grao de desenvolvemento axeitado nas diferentes competencias.
- Promover hábitos de lectura no alumnado.
- Atender o desenvolvemento das intelixencias múltiples, tendo como base a intelixencia emocional para a adquisición das diferentes aprendizaxes.
- Impulsar a acción de titoría individualizada e de grupo como algo esencial no proceso educativo.
- Atender a diversidade do alumnado establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- Dar importancia ao traballo en equipo e ao espírito crítico.
- Revisar e realizar as adaptacións curriculares para aquel alumnado que as precise.
- Potenciar as TIC como recurso didáctico e como ferramenta da sociedade actual.
- Dar á biblioteca escolar a importancia necesaria como centro de recursos e fonte de coñecementos.
- Diseñar programas que propicien a innovación educativa.

-Ámbito institucional

- Promover a coordinación docente e a participación de todos os colectivos da comunidade escolar, integrándoos na vida do centro e facilitándolle canles de información e participación.
- Elaborar un plan de actividades complementarias e extraescolares que favoreza a formación integral do alumnado.
- Xestionar os recursos económicos e materiais do centro.
- Manter unha relación de colaboración con toda a comunidade educativa, e con outras institucións tanto educativas, sociais, culturais, laborais...

-Ámbito humano

- Crear un bo clima de traballo e relacións humanas afectivas.
- Establecer un marco de convivencia baseado nas NOF e no Plan de Convivencia que permita a todos os membros da comunidade educativa facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
- Velar pola seguridade do noso alumnado.
- Fomentar a responsabilidade, o respecto, o orde, a cooperación, e o esforzo como eixes fundamentais do proceso educativo.
- Potenciar, estimular, e valorar o traballo do profesorado en todas as facetas da tarefa educativa.
- Formar persoas integrais en coñecementos, competencias e valores en todos os ámbitos da súa vida: persoal, familiar e social.
- Non esquecerse da etapa na que se atopan os nosos alumnos. O xogo e a actividade lúdica como motor de múltiples aprendizaxes.
- Enlazar os primeiros niveis de Educación Primaria coa Educación Infantil.
- Velar pola igualdade real entre homes e mulleres.

C) As prioridades de actuación

Linguas do centro

Respectarase a lexislación e normativa vixentes. Ao remate da escolarización, o alumnado terá adquirida unha competencia axeitada nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Considerando asemade que a lingua galega é un sinal fundamental da nosa identidade, o centro favorecerá o coñecemento e o uso da lingua galega e a formación do alumnado en todos os eidos da nosa cultura: literatura, historia, arte, costume, tradicións...

Traballaremos na procura de integrar a toda a comunidade educativa na contorna e na realidade galega.

A lingua inglesa será impartida segundo a lexislación vixente na Educación Infantil e na Educación Primaria.

Liña metodolóxica

Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no diálogo e na reflexión. Partiremos dunha avaliación inicial dos contidos que nos permitan axustar o ensino-aprendizaxe ao diferente nivel dos escolares.

Adaptarémonos aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe flexibilizando os tempos escolares.

Consideramos ao alumnado centro da tarefa educativa, suxeito e protagonista da súa propia formación e membro activo da comunidade educativa.

A ensinanza será activa, potenciadora do aprender a pensar e da creatividade do alumnado.

Procuraremos un ensino globalizado, tratando os contidos das distintas áreas do coñecemento de forma interrelacionada a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade das aprendizaxes.

Concibiremos a biblioteca escolar como o gran centro de recursos, un espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade na aula. Será a ferramenta que serva de motor para a participación de todo o profesorado en diferentes programas e proxectos comúns.

Promoverase a formación do profesorado en recursos TICS para ir cos tempos.

O centro aposta polo traballo en equipo respectando as singularidades de cada membro e aproveitando as fortalezas.

Desexamos unha escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as saídas culturais. Unha escola integrada no medio, capaz de relacionarse positivamente con toda a comunidade, tratando de aproveitar a maior cantidade de recursos educativos e humanos que a escola aporta.

d) Características singulares

Oferta educativa

- 2º ciclo de Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Especial

Materia de libre configuración

4º E.P: Expresión e comunicación

6º E.P: Expresión e comunicación

Atención á diversidade

- Apoios na aula
- Apoios dos mestres especialistas
- Plans de reforzo, orientación e apoio
- Atención individualizada
- ACS

Servizos

- **Comedor**

Comedor de xestión directa. Tipo E. Comensais ata 427. 10 colaboradoras. Xestionado pola dirección do centro con un mestre ou mestra como encargado ou encargada.

Búscase que o alumnado adquira hábitos de vida saudables, un correcto comportamento na mesa, así como as normas básicas de hixiene, respecto, tolerancia, convivencia...

Serán nas NOF onde se recolla ampliado o protocolo de comedor escolar e tamén na PXA.

- **Transporte Escolar**

As empresas responsables do transporte no centro son AUTOCARES COSTA E AUTOS J. POMBO. Existen en funcionamento 9 rutas de transporte escolar, numeradas do 1 ao 9. Fan dúas viaxes, de mañá e de tarde. Cada ruta coa figura da/do acompañante escolar.

O equipo directivo, xunto co profesorado, seguindo a lexislación vixente, coordinará e organizará a recepción do alumnado usuario do transporte(10 minutos antes da entrada cara as aulas) e á saída(desde o remate da xornada escolar e ata a entrega nos buses e ás familias).

e) Os recursos educativos

O noso centro dispón de diferentes recursos: humanos, didácticos, materiais e ambientais.

Os recursos materiais: están na biblioteca, nas aulas, no almacén a disposición do profesorado e do alumnado coa supervisión do profesorado.

Os recursos humanos : profesorado, alumnado e persoal non docente.

Os recursos didácticos: todas as aulas dispoñen de ordenadores e proxectores. En Educación Infantil e en Educación Primaria as aulas contan con encerados dixitais. Conta o centro igualmente cunha sala de ordenadores.

Música impártese na aula da especialidade desde os tres anos dotada con instrumentos variados.

Educación Física/ psicomotricidade impártese no pavillón deportivo e no ximnasio.

Lingua Estranxeira: Temos seccións bilingües en 6º de Primaria na materia de Ciencias Naturais. Contamos con dúas aulas de Lingua Inglesa para o alumnado de E. Primaria. En Ed Infantil impártese na propia aula do alumnado.

Orientación e aulas de PT e AL: Contamos cunha praza de orientación, dúas de PT e unha de AL intervindo nas propias aulas do alumnado e nas aulas da especialidade. Biblioteca: é o espazo de arquivo de todo o material bibliográfico, audiovisual,... do centro. Funcionará de acordo co plan da mesma. O alumnado e profesorado respectarán as normas de funcionamento da mesma. Cada mestre e mestra responsable do grupo de alumnas e alumnos velará por que o material se deixe no lugar correspondente. Os fondos están rexistrados en soporte informático a través do programa Meiga.

Aula de informática: A coordinadora ou coordinador e o equipo tic serán os encargados de elaborar o proxecto tic que se incluírá na PXA. Para o uso da aula existirá unha folla de rexistro no taboleiro da entrada á aula.

O equipo tic elaborará un banco de recursos didácticos catalogados, aloxados nun servidor que estarán a disposición das mestras e mestres e do alumnado.

Aulas de niveis: Poderán ser utilizadas para a realización de actividades extraescolares, sempre coa aprobación do Consello Escolar.

Patios, pavillón, areeiros e sala de xogos: Estableceranse quendas para o goce igualitarios dos mesmos.

O recreo de Educación Infantil e Educación Primaria ao ser no mesmo horario será en patios diferentes segundo a normativa vixente.

A sala de xogos será de uso exclusivo do alumnado de infantil no recreo, independentemente da climatoloxía. A xefatura de estudos establecerá as quendas de recreo para estes espazos.

CAPÍTULO 3: A CONCRECIÓN DOS CURRÍCULOS . QUE QUEREMOS?

1. Aspectos curriculares xerais.

O art.4 do decreto 105/2014 de 4 de setembro polo que se establece o currículo de Educación Primaria na comunidade Autónoma de Galicia recolle que o PE incluirá a concreción do currículo.

1.1 Adecuación dos obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural da zona e ás características do alumnado.

1.2 As decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía(decreto 105/2014). O persoal docente debe deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos xa que os contidos están subordinados á acción. O enfoque metodolóxico sustentase nas situacións de aprendizaxe coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. A metodoloxía deberá ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas. Algunhas das actividades propostas terán carácter interdisciplinario, mantendo un tratamento equilibrado das distintas competencias clave.

1.3 A incorporación transversal, nas distintas materias, da educación en valores.

1.4 Procedemento para a acreditación de coñecementos previos. Avaliación Inicial.

1.5 Os criterios para adxudicar as mencións honoríficas (art. 5 da orde do 20 de abril de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia). Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que teñan superado todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar a Educación Primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

1.6 Os aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas.

As programacións docentes serán elaboradas polos órganos de coordinación docente que correspondan e contarán, a lo menos, cos seguintes elementos:

- Contribución das materias ao logro das competencias.
- Obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada curso.
- Metodoloxía e materiais curriculares.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación.

- Medidas de atención á diversidade.
 - Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.
 - Actividades complementarias e extraescolares.
- 1.7 Información das programacións ao alumnado e ás familias (Orde de calendario de cada curso escolar). Ao inicio do curso o profesorado da coordinación de ciclo de educación infantil e o titor ou titora de curso en primaria elaborará a información básica relativa á programación didáctica que dará a coñecer á comunidade educativa nos primeiros días de curso. Así mesmo o profesorado informará ao alumnado das programacións didácticas da súa área pou materia. Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación do ciclo ou curso correspondente e, de selo caso, os estándares de aprendizaxe avaliábles e o grao mínimo de consecución.
2. Plans e programas específicos incluíndo os epígrafes que figuran na normativa reguladora se a houbese:
- 2.1. Proxecto lingüístico (plurilingüismo). Art 14 do D. 79/2011 que inclúe o Currículo Integrado das linguas.
 - 2.2. Programa de Biblioteca e promoción da lectura, escritura e tratamento da información. (Art. 38D.86/2015- LOMCE)
 - 2.3. Plan xeral de atención á diversidade (ART 11, 2 do D 229/2011)
 - 2.4. Plan específico para o alumnado repetidor.
 - 2.5. Plan de orientación (D. 120/98)
 - 2.6. Plan de acción tutorial.
 - 2.7. Proxecto de educación dixital.
 - 2.8. Promoción de estilos de vida saudable.

CAPÍTULO 4: ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. COMO NOS ORGANIZAMOS?

1. Plan de convivencia con especial atención a igualdade entre mulleres e homes e á prevención da violencia de xénero. (D. 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar)
2. Normas de organización e funcionamento

ÁMBITO DE XESTIÓN

Dentro da lexislación vixente, fomentárase o traballo en equipo e a participación de todos na planificación, organización e funcionamento do centro, concedéndolle especial relevancia ao Claustro de profesorado e ao Consello Escolar.

Órganos colexiados

CLAUSTRO DE MESTRES E MESTRAS

“É o órgano pedagóxico supremo do centro”. A súa composición e competencias veñen recollidas no capítulo III, sección 2ª, artigos 128 e 129 da LOE.

A frecuencia das reunións procurarase que sexa a necesaria, como mínimo unha vez ao trimestre, co fin de informar e acordar aqueles aspectos educativos nos que consideremos necesaria a aprobación.

O ideal sería o consenso na toma de decisións, pero cando non sexa posible respectaranse os acordos tomados en votación maioritaria.

CONSELLO ESCOLAR

“É o órgano de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa”. A súa composición e competencias veñen recollidas no artigo 37 do decreto 374/1996.

As competencias do Consello Escolar, entenderanse como complementarias nunca antagónicas, coas propias do Claustro e dos órganos unipersoais de goberno.

Reunirase sempre que haxa temas que tratar e polo menos unha vez aos trimestres. Celebraranse fóra do horario lectivo, remitíndose a documentación precisa por correo electrónico con anterioridade para o mellor desenvolvemento da sesión.

Poderían realizarse convocatorias extraordinarias ou urxentes, se fose necesario. As decisións da reunión e das comisións do Consello Escolar adoptaranse por maioría simple dos presentes, a excepción dos casos contemplados na lexislación vixente. A presidenta ou presidente dirimirá o empate co seu voto de calidade.

Órganos unipersoais

EQUIPO DIRECTIVO

A Normativa referida ao Equipo Directivo recóllese no capítulo IV, artigos 131 ao 139 da LOE e na LOMCE. No artigo 132 enuméranse as competencias do director ou directora.

Programa de Dirección

- Cumprir e facer cumprir a lexislación vixente.
- Favorecer un clima de traballo grato e respectuoso entre toda a comunidade e coas institucións.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Potenciar a implicación de toda a Comunidade Educativa no bo funcionamento do centro.
- Coordinar as tarefas dos diferentes equipos.
- As decisións do Equipo Directivo asumiranse conxuntamente aínda que cada membro se responsabilice por cuestións de operatividade de tarefas diferentes.
- Toma de decisións compartida cos diferentes órganos do centro.
- Transparencia informativa.
- Dar pulo a proxectos e traballos en calquera ámbito da vida do centro, tanto a nivel colectivo como individual.

- Potenciar actividades encamiñadas ao enriquecemento profesional.
- Comunicación directa con todos os membros da Comunidade Educativa.

ÁMBITO ACADÉMICO

Equipos docentes

Estarán compostos polas titoras e titores de nivel, así como polas mestras e mestres especialistas que se adscriben aos mesmos. Terán unha coordinadora ou coordinador designado pola Dirección.

Reuniranse mensualmente aínda que se poden establecer reunións conxuntas dos equipos docentes.

Analizaranse e debateranse todas as propostas referidas ás programacións, actividades complementarias ou extraescolares, conmemoracións, avaliacións, criterios de avaliacións, adecuación dos libros de texto, atención á diversidade, co fin de tomar as decisións oportunas e levar as propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica, ao Departamento de Orientación, aos diferentes equipos de Dinamización e ao Claustro. Buscarase sempre a mellor coordinación posible e o traballo en equipo.

Equipos de traballo

Funcionarán os seguintes equipos:

- Equipo de actividades Complementarias e Extraescolares
- Equipo da Biblioteca Escolar.
- Equipo de actividades extraescolares e complementarias.
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).
- Equipo de tecnoloxías da información e a comunicación (TICs).
- Equipo do Proxecto Deportivo de centro (PDC).
- Equipos de ciclo.
- Equipos e nivel.

Todo o profesorado pertence ao equipo de biblioteca e a outro equipo.

Sempre haberá representantes de cada ciclo nos equipos. As reunións serán unha vez ao mes. Poderá ser modificado o calendario en función das necesidades do centro. As decisións tomadas polos diferentes equipos deberán ser informadas ao claustro co fin de ser debatidas e aprobadas.

Haberá unha relación fluída entre os equipos co fin de interactuar, colaborar e participar conxuntamente nas actividades que así o requiran.

As competencias dos EDLG e de Actividades Extraescolares e Complementarias e as dos seus coordinadores e coordinadoras veñen reguladas no ROC (D. 374/1996 do 17

de outubro) e na orde do 22 de xullo de 1997, así as funcións dos equipos de dinamización na orde do 17 de xullo de 2007.

CAPÍTULO 5: XESTIÓN ECONÓMICA. COMO NOS FINANCIAMOS?

O Decreto 201/2003 do 20 de marzo desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

A autonomía de xestión, con carácter xeral está contemplado na constitución española (artigo 27.7). O profesorado, os pais, nais e no seu caso os e as alumnas intervirán no control e na xestión de todos os centros sostidos pola administración con fondos públicos, nos termos que a lei estableza.

O exercicio orzamentario abarcará do 1 de xaneiro ata 31 de decembro de cada ano.

Os ingresos integraranos:

- a) Dotacións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para gastos de funcionamento.
- b) Os procedentes doutros organismos públicos, de institucións da Unión Europea ou doutros organismos internacionais.
- c) Aportacións procedentes de entidades privadas particulares.
- d) Ingresos derivados de convenios con persoas físicas ou xurídicas.
- e) Intereses da conta...

Os gastos distribuiranse por partidas:

- a) Arrendamentos
- b) Reparacións
- c) Material de oficina
- d) Subministracións
- e) Comunicacións, ...

A/O secretaria/o do centro,elaborará un anteproxecto anual do centro, tendo en conta as instrucións dictadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, presentaráselle á Comisión económica e levarase para sometelo á aprobación do Consello Escolar do centro.